

Nerea Brey

Belén Constenla

Sonsoles Córdón

# DESPOIS DAS ONDAS

Un filme feito en directo.  
Unha viaxe teatral  
pola vida de María Casares.

XVIII Premio "Rafael Dieste"  
de Textos Teatrais 2017  
da Deputación da Coruña

Texto: Ernesto Is  
Dirección: Xavier Castiñeira



CINEMA EN DIRECTO: ROI FERNÁNDEZ (SR. PAUSE CINESCAPISMO) / TEXTO ORIXINAL: ERNESTO IS  
GUIÓN ADAPTADO: XAVIER CASTIÑEIRA E ERNESTO IS / ILUMINACIÓN: JAVIER QUINTANA  
VESTIARIO: CARLOS PINILLA / ESPAZO ESCÉNICO: XAVIER CASTIÑEIRA E BEATRIZ DE VEGA  
AXUDANTE DIRECCIÓN: ERNESTO IS / DIRECCIÓN: XAVIER CASTIÑEIRA / PRODUCCIÓN: ESTHER F. CARRODEGUAS

UNHA PRODUCCIÓN:

CO APOIO DE:



Deputación  
DA CORUÑA



BUTACAZERO.NET



APAMP  
ASOCIACIÓN DE ARTISTAS DE  
TEATRO DE GALICIA

esadg



## SINOPSE

*Despois das ondas* é unha viaxe teatral que nos conduce polas paisaxes da memoria da gran actriz coruñesa María Casares tras corenta anos de exilio.

No tren que a trae de volta, a gran dama do teatro francés vai lembrando os episodios máis importantes da súa vida: a infancia na Coruña, Madrid co nacemento da República, o ascenso do seu pai Casares Quiroga a Presidente, a chegada da Guerra Civil e con ela o exilio a París, os primeiros amores, o cinema, o teatro... Cada vez máis preto da final desta viaxe, Casares recorda os episodios máis duros da súa vida: a morte da nai, a do pai, e sobre todo a do seu gran amor: Albert Camus.

*Despois das ondas* preséntanos a unha Casares que se vai transformando á vista do público: rompendo coirazas, desmaquillando máscaras e pechando feridas vitais que levaban abertas demasiado tempo. A gran diva deixa de selo para ser por fin, sinxelamente, María.





## CINEMA AO VIVO

Un Talgo de xoguete nunha maqueta. Unha man acende o trenchoño que comeza a moverse. Varias microcámaras instaladas na maqueta gravan o seu movemento. Estas imaxes vanse proxectando inmediatamente nunha gran pantalla de cine como se nos achegasemos cada vez máis a el. Fundido. Na pantalla o rostro da muller que vai dentro dese tren. Pronto descubriremos que é María Casares. Mais a actriz non só está na pantalla, senón tamén enriba do escenario, nun vagón a escala real. Todo o filme que estamos a ver constrúese no momento.



Así arranca esta obra de teatro. Non é máis que un exemplo do que se deu en chamar “cinema ao vivo” xa que o público pode desfrutar en directo da creación da maxia cinematográfica.

**Despois das ondas** conta con 5 cámaras sobre as táboas, un set de gravación, numerosas maquetas, fotografías, xelatinas e anacos de filmes e documentais cos que o equipo técnico, á vista do público, vai artellando o filme que vemos na gran pantalla colgada no canto do telón de fondo.



Unha peza teatral que sorprenderá non só pola gran historia humana que se narra senón pola maneira en que o teatro e o cinema se mesturan en escena para contar a historia dunha muller que precisamente viviu o cine e o teatro en primeira persoa.





**“A terra pola que os meus primeiros pasos camiñan  
ten nome de fogar. Ten nome de nai.  
A min gústame chamala Galicia. Pertéceme. Forma  
parte de min mesma.  
Ela non é eu, pero eu si son ela.”**





BELÉN  
CONSTENLA



BEATRIZ  
DE VEGA



ROI  
FERNÁNDEZ  
(SR. PAUSE CINESCAPISMO)



NEREA  
BREY



ERNESTO  
IS



SONSOLES  
CORDÓN

### FICHA ARTÍSTICA

#### EN ESCENA

Belén Constenla  
Beatriz de Vega  
Roi Fernández (Sr. Pause Cinescapismo)  
Nerea Brey  
Ernesto Is  
Sonsoles Cordón

### FICHA TÉCNICA

Texto: Ernesto Is  
Guión Adaptado: Xavier Castiñeira e Ernesto Is  
Cinema en directo: Roi Fernández (Sr. Pause Cinescapismo)  
Dirección: Xavier Castiñeira  
Entrenamento corporal e coreografías: Sonsoles Cordón  
Espazo Escénico e maquetismo: Beatriz de Vega  
Taller Construción: José Faro "Coti"  
Vestuario e caracterización: Carlos Pinilla  
Iluminación: Javier Quintana  
Deseño Gráfico: Esmera Marketing Dixital  
Alltogether Design  
Producción: Esther F. Carrodegua

Unha produción da Deputación da Coruña e ButacaZero




## QUEN SOMOS?

**ButacaZero** é a plataforma creativa de Esther F. Carrodeguas e Xavier Castiñeira, que propoñen un teatro que dialoga directamente co mundo actual: un teatro necesario. A investigación e a reflexión dende un ollar crítico e irónico son as claves que definen as súas propostas que se concretan en dramaturxias feitas á medida nas que a tradición teatral se mestura coas posibilidades que ofrece o audiovisual en escena.

ButacaZero deuse a coñecer no ano 2016 na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia con **Voaxa e Carmín** -producida xunto a Eme2 e a propia MIT-, unha peza que inicia a súa **Triloxía sobre a memoria**, neste caso histórica, ao levar a escena a Maruxa e Coralia Fandiño Ricart, as coñecidas Marías de Santiago de Compostela. No 2017 estrean **na butaca [fantasía nº3 en Dor Maior]**, un solo poético no que se aborda a memoria dende o esquecemento individual. **#camiños**, estreada no 2018 en coprodución co CDG, pecha esta triloxía reflexionando sobre a memoria dun pobo: o noso.

Con **Despois das ondas**, ButacaZero decide producir o texto dun dos grandes dramaturgos galegos que están a emerxer nos últimos anos, Ernesto Is. Un texto co que continuar traballando na memoria e sobre todo afondar na experimentación das linguaxes escénicas que están triunfando por toda Europa; neste caso, o cinema ao vivo.





Compromiso co aquí. Co agora.



BUTACAZERO.NET

Tfno. 629694432  
distribucion@butacazero.net

